

[Versión en ESPAÑOL](#)

[ENGLISH version](#)

## CONCURSO PÚBLICO NÚMERO 16/2019

**RESOLUCIÓN 16/2019, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO PUBLICO DE MÉRITOS, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL QUE ESPECIFICAMENTE COLABORE NAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN QUE FIGURAN NO ANEXO DESTA RESOLUCIÓN.**

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público de méritos Nº 16, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran no [anexo](#) desta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

### BASES DA CONVOCATORIA

#### 1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará e traballará específica e unicamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado, que é de carácter finalista e en todo caso non estrutural, mediante o financiamento externo a través da participación en convocatorias públicas ou privadas, subscripción de convenios, concesión de subvencións, etc.

A forma de provisión será a de concurso de méritos, a través da valoración dos criterios de baremación establecidos para cada praza.

#### 2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais

celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo poderán participar os nacionais de países non membros da Unión Europea ou que non estean incluídos no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Non obstante a formalización do contrato laboral con estes nacionais queda condicionada a que os aspirantes teñan concedida a excepción ou permiso de traballo e residencia legal en España.

- Ter cumpridos os 16 anos.
- Estar en posesión da titulación/s válida/s en España que se indique/n no anexo da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

### 3.-PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/contratacion.htm>). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela <https://sede.usc.es/sede/publica/informacion/aspectosTecnicos.htm> . A documentación complementaria presentarse electrónicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.

**O prazo de presentación de solicitudes será de SETE (7) días naturais** contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria. A solicitude irá asinada polo interesado.

### 4.-DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación que se indica, que deberá ser presentada a través da Sede Electrónica:

4.1.-DOCUMENTO EN FORMATO PDF. DO CURRICULO VITAE, DESTACANDO OS MERITOS QUE SE ESTABLECEN COMO CRITERIOS DE VALORACIÓN E QUE FIGURAN, PARA CADA PRAZA EN CONCRETO, NO ANEXO DA CONVOCATORIA.

4.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE NA QUE O INTERESADO MANIFESTA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE CUMPRE OS REQUISITOS E QUE PODE ACREDITALOS NA DATA FIN DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A Universidade poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais xustificativos dos méritos e requisitos, segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos

cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

3

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato ou información na declaración así como a non presentación da documentación cando lle sexa requirida, determinará a non selección e/ou a non formalización do contrato de traballo, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas aquel houbera lugar.

#### 5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que poderá consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>, con indicación neste último caso da causa/s de exclusión.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de **TRES (3) días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que que motivaron a súa exclusión.

A subsanación farase **UNICAMENTE** a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Santiago de Compostela.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Esta listaxe poderase consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/-listaxe.htm>.

Contra a exclusión definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

#### 6.-COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

**Presidente/a:** O/A xefe/a do Servizo de Xestión Actividades de I+D ou persoa na que delegue.

**Secretario/a:** O/A xefe/a do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D o u persoa na que delegue

**Vogais:**

O/A xefe/a de Sección de Convocatorias e Programas de I+D

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

## 7.-PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase en dúas fases atendendo ao seguinte procedemento:

### FASE I

I.-O investigador propoñente da praza, á vista das solicitudes e currículos presentadas así como dos criterios de baremación publicados, deberá presentar á comisión de selección un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

### FASE II

II.-A comisión de selección tendo en conta o informe razoado do investigador propoñente, os currículos presentados e os criterios de baremación publicados, elaborará a proposta de adxudicación, que elevará ao reitor.

III.-A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

IV.-Publicarase unha **resolución de adxudicación**, que se poderá consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>.

## 8.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

O persoal contratado a través desta convocatoria adicarase en exclusividade á realización das actividades propias do proxecto/actividade de investigación que orixinase a convocatoria, polo que a duración da contratación está vinculada directamente á propia vida do proxecto/actividade específica así como á existencia de financiación concreta derivada do mesmo.

Os contratos terán carácter laboral temporal e realizaranse preferentemente baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado/ para a realización dun proxecto específico de investigación, ou de acordo co que se dispoña no anexo do contrato convocado, baixo calquera das modalidades contractuais temporais ou formativas previstas na lexislación laboral vixente.

A retribución bruta dos contratos é a especificada, para cada caso concreto, no anexo da convocatoria. O contrato implicará ademais a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social. Os importes contemplados poderán sufrir as variacións que establezan as normas que lles sexan de aplicación ou por causas sobreviñidas non previstas inicialmente.

#### 9.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

#### 10.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

#### 11.-INCOMPATIBILIDADES

Os contratos obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto ao seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

#### 12.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que figuran, para cada contrato en concreto, no anexo desta convocatoria.

#### 13-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven, que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse o taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>), única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo

anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019

Por delegación do Reitor

(Resolución do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)

O Vicerreitor de Investigación e Innovación,

Vicente Pérez Muñuzurri

(Documento asinado dixitalmente)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL



Xacobeo 2021



1

Convocatoria pública 16/2019 REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG015

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	<p>Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)- Centros de Investigación Singulares 2016</p> <p><i>“Este contrato está financiado con cargo ás axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema universitario de Galicia, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e conta co financiamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional do Programa operativo de Galicia 2014-2020, nunha porcentaxe do 80%, dentro do obxectivo temático 1 «Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación», prioridade de investimento 1.2. «Fomento do investimento por parte das empresas en innovación e investigación, desenvolvemento de vínculos e sinerxias entre as empresas, os centros de investigación e desenvolvemento, e o sector de ensinanza superior, en particular mediante o fomento do investimento no desenvolvemento de produtos e servizos, a transferencia de tecnoloxía, a innovación social, a innovación ecolóxica, as aplicacións de servizo público, o estímulo da demanda, a interconexión en rede, as agrupacións e a innovación aberta a través dunha especialización intelixente, e mediante o apoio á investigación tecnolóxica e aplicada, liñas piloto, accións de validación precoz dos produtos, capacidades de fabricación avanzada e primeira produción, en particular, en tecnoloxías facilitadoras esenciais e difusión de tecnoloxías polivalentes», obxectivo específico 1.2.3. «Fomento e xeración de coñecemento de fronteira e de coñecemento orientado aos retos da sociedade, desenvolvemento de tecnoloxías emerxentes».</i></p>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	
Investigador principal	Pérez Meiras, María Dolores	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Apoio á análise de indicadores e á elaboración de informes e memorias ,Xestión de bases de datos , Actualización de contidos web , Actividades de difusión	
Funcións a realizar	Apoio á análise de indicadores e á elaboración de informes e memorias ,Xestión de bases de datos , Actualización de contidos web , Actividades de difusión	
Retribución bruta mensual	1552,16 €	
Duración do contrato*	3 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:00 14:00 16:00 18:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Licenciatura/Grao en Química ou nunha titulación científica o técnica relacionada	15
Ítem nº 2	Experiencia acreditada en xestión da I+D	20
Ítem nº 3	Experiencia acreditada en xestión de datos e da información	20
Ítem nº 4	Inglés B2 ou equivalente	20
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



Convocatoria pública 16/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG019

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación - 2016 GRC GI-1871 Análise territorial <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)	
Investigador principal	Lois González, Rubén Camilo	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Estudo das potencialidades da Xeografía Histórica, valorización de antigos camiños de peregrinación e análise da súa posible interrelación co Camiño de Santiago	
Funcións a realizar	Accións de internacionalización do Grupo de investigación no ámbito da Xeografía Histórica en países como Polonia, Alemaña e Estados Unidos , Estudio das potencialidades da Xeografía Histórica no Camiño de Santiago , Procura, análise e elaboración de propostas de proxectos en convocatorias europeas relacionadas coa Xeografía Histórica , Elaboración de propostas de recuperación, reconstrución e posta en valor de antigos Camiños de peregrinación e a súa posible interrelación co Camiño de Santiago	
Retribución bruta mensual	1819,39 €	
Duración do contrato*	2 meses	
Data de inicio prevista**	<b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:00 14:00 17:00 19:00	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Doutor en Arqueoloxía	20
Ítem nº 2	Participación en proxectos e contratos de investigación	10
Ítem nº 3	Organización de actividades de difusión, promoción e transferencia científica sobre o Camiño de Santiago	15
Ítem nº 4	Publicacións referidas á Xeografía Histórica e arqueoloxía da peregrinación	15
Ítem nº 5	Estadías en centros de investigación estranxeiros de prestixio	10
Ítem nº 6	Participación en campañas de excavacións relacionadas coa arqueoloxía da relixión e da peregrinación	10
Ítem nº 7	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	20

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



Convocatoria pública 16/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG073

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-2109 Grupo Interdisciplinar en Tecnología Farmacéutica, Inmunobiología parasitaria y Parasitosis Hídricas (PARAQUASIL) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Farmacia	
Investigador principal	Blanco Méndez, José	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Identificación morfolóxica e molecular de parasitos gastrointestinais da troita común ( <i>Salmo trutta</i> )	
Funcións a realizar	Análise macroscópico para a detección de formas parasitarias do tubo dixestivo. , Homoxeneización das mostras e concentración das formas parasitarias mediante métodos difásicos. , Identificación das formas adultas mediante tinciós. , Identificación de formas parasitarias mediante microscopía óptica. , Caracterización molecular dos parasitos	
Retribución bruta mensual	1552,16 €	
Duración do contrato*	2, 5 meses	
Data de inicio prevista**	<b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:00 14:00 16:00 18:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Méritos xerais: Licenciado/Graduado en Bioloxía; realización de estudos en Parasitología	30
Ítem nº 2	Experiencia en parasitos gastrointestinais de peixes salvaxes	15
Ítem nº 3	Experiencia en microscopía óptica	
Ítem nº 4	Experiencia no procesamento e identificación de formas adultas de helmintos de peixes salvaxes	10
Ítem nº 5	Experiencia en técnicas de bioloxía molecular aplicadas a organismos parasitos	10
Ítem nº 6	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 16/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG021

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GPC GI -1479 Photonics4Life (P4Life) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Optica e Optometría	
Investigador principal	Flores Arias, María Teresa	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Actualización de la página web y sistemas de difusión, apoyo en la redacción de propuestas de desarrollo y gestión de gasto del grupo Gi1479.	
Funcións a realizar	Mantemento da páxina web do grupo , Apoio administrativo das tarefas diarias de investigación , Soporte na administración derivada de convocatorias de investigación	
Retribución bruta mensual	800 €	
Duración do contrato*	2 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (20,00 horas semanais) 10:00 14:00	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC.		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Título de máster en Fotónica	15
Ítem nº 2	Experiencia en tarefas de xestión e administración	20
Ítem nº 3	Manejo de software de páginas web y programación	20
Ítem nº 4	Acreditación nivel B1 en inglés	10
Ítem nº 5	Artigos de investigación, participación en proxectos e comunicación a congresos en el ambito de la Fotónica	10
Ítem nº 6	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 16/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG081

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1883 Grupo de análise e Modelización Económica (GAME) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i> <i>Esta proposta esta cofinanciada coa actividade 2014-AD003 "Achega da Fundación Feiraco ao IDEGA" (6015-2403-64000)</i>	
Centro de Traballo	Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)	
Investigador principal	Fernández Fernández, Melchor	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Validación e contro do seguimento o financiación do proxecto Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1883 Grupo de análise e Modelización Económica (GAME) Xestión técnica e xustificación de propostas de I+D do grupo de investigación Apoio na organización de congresos e seminarios do grupo de investigación.	
Funcións a realizar	Apoio na xestión das actividades administrativas habituais do grupo de investigación , Apoio técnico na xestión e xustificación de propostas de I+D , Apoio na organización de congresos e seminarios dentro do grupo de investigación	
Retribución bruta mensual	1260 €	
Duración do contrato*	6 meses	
Data de inicio prevista**	<b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 08:00 15:00	
Categoría laboral	Axudante administrativo	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Ciclo Superior de Formación Profesional/Bacharel ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Técnico Superior en Administración e Finanzas	20
Ítem nº 2	Experiencia previa na xestión de proxectos I+D	30
Ítem nº 3	Formación adicional en contabilidade, ofimática e ferramentas informáticas de Xestión	10
Ítem nº 4	Experiencia previa na organización de seminarios, cursos e congresos	15
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 16/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG104

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1790 ESCOLA CULTURA (ESCOLCA) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Ciencias da Educación	
Investigador principal	Santos Rego, Miguel Anxo	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Recollida, verificación control e análise de datos cuantitativos (programa SPSS versión 24) e cualitativos (programa NVIVO version 11), dentro do proxecto de investigación EDU2017-826-29R-.	
Funcións a realizar	Recollida, verificación control e análise de datos cuantitativos (programa SPSS versión 24) e cualitativos (programa NVIVO version 11), dentro do proxecto de investigación EDU2017-826-29R-.	
Retribución bruta mensual	831 €	
Duración do contrato*	4 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (21,25 horas semanais) 10:15 13:45 15:45 16:30	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Titulado/a en Pedagogía (grao ou licenciatura)	40
Ítem nº 2	Experiencia en investigación no campo de Ciencias da Educación	20
Ítem nº 3	Coñecemento de inglés (mínimo B2)	20
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	20

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 16/2019  
REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG014

7

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Axuda complementaria aos contratos postdoutorais da modalidade B – 2 <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Xeografía e Historia	
Investigador principal	López Calderón, Carme	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Alimentación da web Galicones e da plataforma Arkyves a partir dos datos relativos á catalogación e indexación Iconclass dun conxunto de libros pertencentes á Biblioteca Xeral da USC.	
Funcións a realizar	Alimentar a base de datos da web Galicones, a partir da información suministrada polo IP , Alimentar a plataforma Arkyves, a partir desa mesma información , Acometer a catalogación e indexación Iconclass dun exemplar da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago (máximo de 20 imaxes)	
Retribución bruta mensual	700 €	
Duración do contrato*	1 meses y 15 días	
Data de inicio prevista**	<b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>	
Xornada laboral	Tempo parcial (15,00 horas semanais) L. 10:00-13:00, M. 10:00-13:00, Me. 10:00-13:00, X. 10:00-13:00, V. 10:00-13:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Grao ou Licenciatura en Historia da Arte, con preferencia de especialidade en Arte Moderna	40
Ítem nº 2	Experiencia no manexo de bases de datos, con coñecementos preferentes do programa Filemaker	35
Ítem nº 3	Experiencia no fondo histórico d abiblioteca Xeral da USC	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 16/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG023.00

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2018 GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes (GSI) <i>Contrato financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)	
Investigador principal	Bugarín Diz, Alberto José	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Aprendizaxe profunda para tracking visual eficiente	
Funcións a realizar	Revisión da estado da arte , Implementación do sistema de tracking , Validación e probas	
Retribución bruta mensual	1175,21 €	
Duración do contrato*	3,5 meses	
Data de inicio prevista**	<b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>	
Xornada laboral	Tempo parcial (26,25 horas semanais) 10:00 15:15	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Coñecementos de TensorFlow	40
Ítem nº 2	Experiencia en visión por computador mediante redes convolucionales	35
Ítem nº 3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



Convocatoria pública 16/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG023.01

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2018 GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes (GSI) <i>Contrato financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)	
Investigador principal	Bugarín Diz, Alberto José	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Desenvolvemento dun algoritmo de identificación de eventos en documentos de texto	
Funcións a realizar	Análise de requisitos e selección de documentos , Deseño e implementación do algoritmo , Validación do algoritmo	
Retribución bruta mensual	1175,21 €	
Duración do contrato*	3, 5 meses	
Data de inicio prevista**	<b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>	
Xornada laboral	Tempo parcial (26,25 horas semanais) 09:00 14:15	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Grao en Enxeñaría Informática	20
Ítem nº 2	Experiencia en procesamento de linguaxe natural	25
Ítem nº 3	Experiencia no uso e indexación de grafos de coñecemento	30
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 60 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



Convocatoria pública 16/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG023.02

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2018 GRC GI-1636 Grupo de Sistemas Intelixentes (GSI) <i>Contrato financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)	
Investigador principal	Bugarín Diz, Alberto José	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Clasificación de imaxe PET mediante técnicas de aprendizaxe profunda	
Funcións a realizar	Deseño experimental , Implementación e probas , Análise de resultados	
Retribución bruta mensual	1552,16 €	
Duración do contrato*	4 meses	
Data de inicio prevista**	<b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:00 14:00 16:00 18:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Formación e experiencia en aprendizaxe automática	35
Ítem nº 2	Formación e experiencia en Big Data	40
Ítem nº 3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 60 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 16/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG043

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2018 GRC GI-1837 UNIDADE DE XESTIÓN FORESTALSOSTIBLE (UXFS) <i>Proxecto financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría	
Investigador principal	Rodríguez Soalleiro, Roque Julio	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Apoio en traballos de campo e gabinete como capataz forestal. Mantemento e medición da rede de parcelas da UXFS , Traballos de gabinete de mecanización de datos , Inventarios destructivos e non destructivos de combustibles forestais , Tratamento de mostras de combustibles en laboratorio. Mantemento de ferramentas e equipos. Mantemento do vehículo	
Funcións a realizar	Mantemento e medición da rede de parcelas da UXFS , Traballos de gabinete de mecanización de datos , Inventarios destructivos e non destructivos de combustibles forestais , Tratamento de mostras de combustibles en laboratorio. Mantemento de ferramentas e equipos. Mantemento do vehículo	
Retribución bruta mensual	1315 €	
Duración do contrato*	4 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais) 09:00 14:00 16:00 18:00	
Categoría laboral	Axudante de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Ciclo Superior de Formación Profesional/Bacharel ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Formación: técnico superior en xestión de recursos forestais e paisaxísticos. Nivel cualificado en manipulador de produtos fitosanitarios	25
Ítem nº 2	Experiencia acreditada en inventarios destructivo e non destructivos de combustibles forestais	25
Ítem nº 3	Experiencia previa con láser escáner, TLS, Forestéreo, GPS e TRUE- Pulse	25
Ítem nº 4	coñecemento previo da rede de parcelas da UXFS	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 16/2019  
REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG049

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	eXplica-IA: Diseñando Sistemas Intelixentes Explicables que Interaccionan con Personas y Generan Explicaciones en Lenguaje Natural -- Modalidade C. Proxectos de excelencia - Consolidación e estruturación 2018 <i>Contrato financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)	
Investigador principal	Alonso Moral, José María	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	2	
Traballo a realizar	Axuda no deseño, desenvolvemento e validación dun sistema de IA Explicable Axuda no deseño da arquitectura software , Axuda no desenvolvemento dascompoñentes da arquitectura , Axuda coa integración das Compoñentes , Axuda na validación e probas	
Funcións a realizar	Axuda no deseño da arquitectura software , Axuda no desenvolvemento das compoñentes da arquitectura , Axuda coa integración das compoñentes , Axuda na validación e probas	
Retribución bruta mensual	1193.97 €	
Duración do contrato*	1 mes	
Data de inicio prevista**	<b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>	
Xornada laboral	Tempo completo (35,00 horas semanais)	
Categoría laboral	Axudante de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Ciclo Superior de Formación Profesional/Bacharel ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Estudios no ámbito da enxeñaría en informática	25
Ítem nº 2	Coñecemento en intelixencia artificial	25
Ítem nº 3	Coñecemento en desenvolvemento de aplicacións	25
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 60 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 16/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG102.00

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	AE Materiales (AEMAT) - AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS 2018 <i>Contrato financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Farmacia	
Investigador principal	López Quintela, Manuel Arturo	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Desenvolvemento e caracterización de innovacións en procesos e nanomateriais para aplicacións biomédicas Redacción de publicacións e informes científico-técnicos. Proxecto interno de AeMAT coordinado por I+D Farma "BIOMEDCO2".	
Funcións a realizar	Preparación e caracterización de materiais , Búsqueda bibliográfica e redacción de informes , Xestión da páxina web e base de datos	
Retribución bruta mensual	887 €	
Duración do contrato*	1 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (20,00 horas semanais) 10:00 14:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Expediente académico	20
Ítem nº 2	Formación Académica: Estar en posesión de algún dos seguintes Graos (ou titulacións equivalentes): Farmacia, Bioloxía, Medicina, Química, Enxeñaría Química ou Enxeñaría Biomédica	10
Ítem nº 3	Coñecemento de idiomas (inglés, portugués, alemán ou francés) B2	10
Ítem nº 4	Prácticas e contratos en laboratorios de investigación sobre procesado e/ou caracterización de materiais	15
Ítem nº 5	Formación específica sobre procesado e caracterización de materiais e/ou redacción de informes científicos	10
Ítem nº 6	Experiencia en creación, desenvolvemento e xestión de páxinas web e redes sociais	10
Ítem nº 7	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 16/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG102.01

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	AE Materiales (AEMAT) - AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS 2018 <i>Contrato financiado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional</i>	
Centro de Traballo	Facultade de Farmacia	
Investigador principal	López Quintela, Manuel Arturo	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	caracterización de innovacións en procesos e nanomateriais para aplicacións biomédicas. comunicación de resultados . Proxecto interno da Agrupación Estratéxica de Materiais coordinado por I+D Farma "BIOMEDCO2	
Funcións a realizar	Apoio nas tarefas de preparación e caracterización de materiais , Búsqueda bibliográfica e redacción de informes , Xestión da páxina web e base de datos	
Retribución bruta mensual	685 €	
Duración do contrato*	1 meses	
Data de inicio prevista**	<b>A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección</b>	
Xornada laboral	Tempo parcial (20,00 horas semanais) 10:00 14:00	
Categoría laboral	Axudante de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Ciclo Superior de Formación Profesional/Bacharel ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Expediente académico	30
Ítem nº 2	Coñecemento de idiomas (inglés, portugués, alemán ou francés) B2	10
Ítem nº 3	Coñecementos sobre procesado e/ou caracterización de materiais	15
Ítem nº 4	Cursos relacionados coa elaboración de informes científico-técnicos	10
Ítem nº 5	Experiencia en creación, desenvolvemento e xestión de páxinas web e redes sociais	10
Ítem nº 6	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 16/2019

REFERENCIA DA PRAZA: 2019-PG010

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
